
MÁIS ALÁ DA FIESTRA

Texto e ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 25,5 x 23 cm. 42 páx. 15 €.

-CALDECOTT HONOR BOOK
-NATIONAL BOOK AWARD FOR CHILDREN'S BOOK
-LIBRARY OF CONGRESS CHILDREN'S BOOK
-AMERICAN BOOK AWARD
-NEW YORK TIMES BEST ILLUSTRATED BOOK

Máis alá da fiestra (galego)

ISBN 978-84-8464-862-8. Tras os montes.

Al otro lado (castelán)

ISBN 978-84-8464-861-1. Libros para soñar.

Allà fora (catalán)

ISBN 978-84-8464-863-5. Llibres per a somniar.

Kanpoaldeko munduan (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-861-9. Kalandraka-Pamiela.

O que está lá fora (portugués)

ISBN 978-989-749-025-5. Livros para sonhar.

*Cando papá estaba no mar e mamá no xardín,
Aida tocaba a súa trompa máxica para calmar o bebé,
pero non o atendía...*

"Máis alá da fiestra" é o terceiro título da triloxía de contos oníricos e sobre os sentimentos da que forman parte "Onde viven os monstros" e "Na cociña de noite". Publicouse en 1981, logo de que Maurice Sendak viaxara a Alemaña a propósito de ilustrar os contos dos irmáns Grimm. A pegada dos pintores románticos alemáns -en concreto Philipp Otto Runge- quedou marcada neste libro.

Tamén se percibe a influencia dos contos de fadas, nos que Sendak se baseou para amosar as emocións da protagonista pola súa irmá pequena, á que deberá rescatar -afrontando a súa responsabilidade e con valentía- dos trasnos que a raptaron. Ademais, aborda a capacidade para resolver os erros cometidos, a lealdade cun mesmo e cos demais nun mundo confuso.

Destaca a combinación de dúas melodías -visual e sonora- mesturándose, dando lugar a mensaxes cheas de ambigüidade que, malia todo, son captadas polos lectores infantís de forma intuitiva. As ilustracións están repletas de detalles, símbolos e referencias: por exemplo, a natureza volve medrar proporcionalmente á intensidade da fantasía.

"É basicamente a miña historia e a da miña irmá", dixo Sendak sobre esta obra. "Ela é Aida e o seu anoxo por ter que coidarme. Insinuar iso nun libro para nenos resulta duro porque hai un concepto trabucado do que é un libro infantil, do que debe conter e do que non. En esencia, a idea é que sexan sans, divertidos, enxeñosos e optimistas; que non amosen as pequenas miserias da vida real. Pero eu lembro como era a vida real e non sabía sobre que outra cousa podía escribir".



■ **Temática:** os sentimentos na infancia; a valentía.


■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de "Onde viven os monstros", "Na cociña de noite" e "Osos"; terceiro título da triloxía onírica de Sendak; ilustracións simbólicas.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 produciu máis de 90 libros infantís, unha traxectoria que o levou a recibir en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Fillo de inmigrantes xudeus de orixe polaca, Sendak estudou pintura e debuxo no Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros. A crítica especializada calificábao como "un dos homes máis influentes dos Estados Unidos, porque darlle forma á fantasía de millóns de nenos é unha terrible responsabilidade".



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
